

COMISIÓN NACIONAL DO MERCADO DE VALORES

18703 *RESOLUCIÓN do 5 de novembro de 2008, do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, pola que se modifica o Regulamento de réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores. («BOE» 280, do 20-11-2008.)*

O número 10 do artigo 14 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, dispón que: «10. O Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores aprobará o Regulamento de réxime interior en que se establecerá a estrutura orgánica da Comisión; a distribución de competencias entre os distintos órganos; os procedementos internos de funcionamento; o réxime específico aplicable ao persoal cando deixa de prestar servizos nela, sen prexuízo, neste caso, do disposto no número 7, parágrafo segundo, deste artigo e no artigo 21 desta lei en canto aos réximes de incompatibilidades, os procedementos de ingreso do persoal, conforme os principios sinalados no número 7 deste artigo, así como cantas cuestións relativas ao funcionamento e réxime de actuación da Comisión Nacional do Mercado de Valores resulten necesarias conforme as previsións desta lei». En uso desta habilitación, o Consello da CNMV, na súa reunión do 10 de xullo de 2003, aprobou o Regulamento de réxime interior deste organismo.

A experiencia adquirida desde a entrada en vigor de tal disposición, aconsella modificar o Regulamento de réxime interior dunha forma máis ampla, pero tendo presente, en todo momento, o disposto no artigo 13 da LMV, en que se lle encomenda á CNMV velar pola transparencia dos mercados de valores, a correcta formación dos prezos neles e a protección dos investidores, promovendo a difusión de canta información sexa necesaria para a súa consecución. Os cambios serven ao cumprimento destes fins e teñen especial relevancia aqueles que van dirixidos a lograr unha mellora na actividade da organización.

Os cambios propostos responden aos seguintes obxectivos:

1. Corrixir algúns aspectos da regulación do funcionamento dos órganos reitores (capítulo III, artigos 6, 9, 10, 12, e capítulo IV, artigos 17, 22, 23, 24 e 26).

2. Simplificar a estrutura directiva, plasmando de forma clara a tipoloxía e as funcións dos órganos directivos da CNMV (capítulo V, artigos 27 ao 34 e capítulo VI, artigo 41). Reflicítese así de forma explícita na estrutura da CNMV tanto o Departamento Adxunto a Presidencia como o Departamento de Control Interno adscrito directamente ao seu Consello, ambos os dous actualmente existentes, en virtude do previsto respectivamente nos artigos 25.4 e 41 do regulamento que se modifica. Polo tanto, esta modificación non supón ampliación da estrutura actual nin aumento de gasto. No caso do Departamento de Control Interno establécese a súa regulación e mantéñense as súas funcións, que son as establecidas na Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro. Regúlase, así mesmo, a situación do persoal directivo, tras o seu cesamento (disposición adicional única).

3. Revisar a regulación dos procesos de selección de persoal, co fin de adaptala aos principios establecidos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público (capítulo VII, artigos 44 ao 48).

4. Completar referencias e outros aspectos técnicos (capítulo I, artigos 1 e 2, capítulo II, artigo 4, capítulo III,

artigos 7 e 11, capítulo VI, artigos 35, 36, 39 e 40, capítulo VII, artigos 42, 43, 51, 53, 54, 55, 56 e 58).

Por último, nesta modificación actualízanse todas as referencias a normas non vixentes ou órganos da Administración xeral do Estado inexistentes.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, o Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores, na súa reunión do 5 de novembro de 2008, aproba a modificación do Regulamento de réxime interior da CNMV.

Artigo único. Modificación do Regulamento de réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores, aprobada por Resolución do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores do 10 de xullo de 2003.

O Regulamento de réxime interior da Comisión Nacional do Mercado de Valores, aprobado por Resolución do Consello da Comisión Nacional do Mercado de Valores do 10 de xuño de 2003, queda modificado como segue:

Un. Os números 2 e 3 do artigo 1 quedan redactados do seguinte modo:

«2. A CNMV actuará con plena independencia no exercicio das súas funcións. O Goberno e o Ministerio de Economía e Facenda exercerán respecto á CNMV as facultades que lles atribúe a Lei 24/1988, do 28 de xullo, con estrito respecto ao seu ámbito de autonomía.

3. As disposicións e resolucións que dite a Comisión no exercicio das potestades que lle confire a Lei 24/1988, do 28 de xullo, porán fin á vía administrativa e serán impugnables en vía contencioso-administrativa. Exceptúanse desta regra:

a) as resolucións que dite en materia sancionadora, cuxo réxime será o previsto no artigo 97 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

b) as resolucións que dite en materia de intervención e substitución de administradores, cuxo réxime será o previsto no artigo 107 da citada lei.»

Dous. Os números 1, 2, 3 e 4 do artigo 2 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A CNMV réxese pola Lei 24/1988, do 28 de xullo, antes citada, e polas disposicións que a completan e desenvolven.

2. No exercicio das súas funcións públicas, e en defecto das disposicións a que se refire o número 1 deste artigo, a Comisión actuará conforme o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e de acordo co disposto na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

3. Os contratos que celebre a CNMV axustaranse ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

4. A Comisión rexerese, así mesmo, por aquelas disposicións que lle sexan de aplicación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nos termos do disposto na súa disposición adicional décimo terceira.»

Tres. Os números 1, 2 e 4 do artigo 4 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A CNMV exercerá as seguintes funcións:

a) A supervisión e inspección dos mercados de valores.
b) A supervisión e inspección da actividade de cantas persoas físicas e xurídicas se relacionan no tráfico daqueles mercados.

c) O exercicio sobre tales persoas da potestade sancionadora.

d) A autorización e verificación de suxeitos e entidades que interveñen no mercado de valores e dos instru-

mentos financeiros, cando así o dispoña a normativa vixente.

e) As demais funcións que lle atribúe o ordenamento xurídico vixente.

2. A Comisión asesorará o Goberno, o Ministerio de Economía e Facenda e, de ser o caso, os órganos equivalentes das comunidades autónomas nas materias relacionadas cos mercados de valores, ben sexa por petición destes ou por iniciativa propia. Tamén poderá elevar a estes órganos propostas sobre medidas ou disposicións relacionadas con tales mercados.

4. A CNMV elaborará anualmente unha memoria sobre a súa función supervisora, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro. Esta memoria, que deberá ser remitida ás Cortes Xerais e ao Goberno da Nación, incluírá un informe do órgano de control interno a que se refire o artigo 41.»

Catro. Os números 2 e 3 do artigo 6 quedan redactados do seguinte modo:

«2. Para o desenvolvemento de tales funcións o Consello terá, entre outras, as seguintes facultades:

a) Aprobar as circulares a que se refire o artigo 15 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

b) Aprobar o Regulamento de réxime interior da CNMV.

c) Aprobar os anteproxectos de orzamentos da Comisión.

d) Constituír o Comité Executivo, regulado no artigo 18 da Lei do mercado de valores.

e) Nomear e destituír os directores xerais e directores de departamento, por proposta do presidente.

f) Aprobar os informes anuais a que se refire o artigo 13 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e o artigo 4.3 deste regulamento.

g) Aprobar anualmente unha memoria sobre a función supervisora da CNMV.

h) Elevar ao Goberno, para a súa aprobación, as contas anuais do exercicio económico.

i) Aprobar ou propor todos aqueles asuntos que legalmente lle correspondan.

3. O Consello, por proposta do seu presidente, poderá modificar o número, denominación, funcións e ámbito das direccións xerais e departamentos, así como determinar o centro directivo que deberá exercer as novas competencias que se atribúan á CNMV. O acordo do Consello publicárase no «Boletín Oficial del Estado.»

Cinco. O número 1 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«1. O Consello estará composto dos seguintes membros:

a) Un presidente e un vicepresidente, que serán nomeados polo Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, entre persoas de recoñecida competencia en materias relacionadas co mercado de valores.

b) O director xeral do Tesouro e Política Financeira e o subgobernador do Banco de España, que terán o carácter de conselleiros natos.

c) Tres conselleiros, nomeados polo ministro de Economía e Facenda entre persoas de recoñecida competencia en materias relacionadas co mercado de valores.»

Seis. Os números 1, 2 e 4 do artigo 9 quedan redactados do seguinte modo:

«1. O presidente e o vicepresidente cesarán nos seus cargos polas causas seguintes:

a) Expiración do prazo do seu mandato.

b) Renuncia aceptada polo Goberno.

c) Separación acordada polo Goberno por incumprimento grave das súas obrigas, incapacidade permanente para o exercicio da súa función, incompatibilidade sobrevida ou condena por delito doloso, logo de instrución de expediente polo Ministerio de Economía e Facenda.

2. As mesmas causas de cesamento serán aplicables aos conselleiros non natos; corresponderalle aceptar a renuncia ou acordar a separación ao ministro de Economía e Facenda.

4. Excepto no suposto da letra c) do número 1 anterior, durante o prazo de dous anos a que se refire o artigo 10.2, o Consello da CNMV poderá solicitar a colaboración do presidente ou vicepresidente saíntes para asesorar en materias relacionadas co mercado de valores, para o cal porá á súa disposición o uso dos medios dispoñibles na CNMV que, en ningún caso, suporá incremento das dotacións orzamentarias.»

Sete. O número 1 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«1. O presidente, o vicepresidente e os conselleiros da CNMV estarán suxeitos ao réxime de incompatibilidades e de control de intereses establecidos na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos do Estado.»

Oito. O artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Réxime retributivo.*

Os membros do Consello percibirán as retribucións fixadas polo ministro de Economía e Facenda, de acordo co procedemento legalmente establecido para os altos cargos de entes e entidades de dereito público.»

Nove. O número 3 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«3. O presidente poderá delegar as súas facultades noutros órganos da CNMV, no ámbito das súas respectivas competencias, agás aquelas que, pola súa natureza, resulten indelegables.»

Dez. O número 2 do artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Consello celebrará, regularmente, unha sesión cada mes.»

Once. O artigo 22 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 22. *Comité Consultivo.*

1. O Comité Consultivo da CNMV é o órgano de asesoramento do seu Consello, e réxese polo disposto no Real decreto 504/2003, do 3 de maio, e polas súas normas de desenvolvemento.

2. A CNMV porá á disposición do Comité Consultivo os medios necesarios para o desempeño adecuado da súa actividade.»

Doce. Elimínase o número 2 do artigo 23, e renumérase o número 3, que pasa a ser 2.

Trece. Os números 1 e 2 do artigo 24 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Para a válida constitución do Comité Executivo, en primeira convocatoria, requirírase a presenza, polo menos, do presidente e do secretario ou, de ser o caso, dos que os substitúan e de, polo menos, tres dos seus membros.

2. En segunda convocatoria, o Comité Executivo quedará validamente constituído coa presenza do presi-

dente e do secretario ou, de ser o caso, dos que o substitúan e de, polo menos, dous dos seus membros.»

Catorce. O número 2 do artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«2. As deliberacións do Comité Executivo teñen carácter reservado, e deberán gardar segredo destas os que, por razón das súas funcións, tivesen coñecemento delas.»

Quince. O artigo 27 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 27. *Órganos de dirección.*

1. A CNMV, baixo a superior dirección do seu presidente, estrutúrase en direccións xerais, á fronte de cada unha das cales existirá un director xeral.

2. As direccións xerais organízanse en departamentos para a distribución das competencias encomendadas a aquelas, a realización das actividades que lles son propias e a asignación de obxectivos e responsabilidades. Sen prexuízo do anterior poderán adscribirse departamentos aos órganos reitores da CNMV. Á fronte de cada departamento existirá un director.

3. A designación e o cesamento dos directores xerais deberán ser publicados no «Boletín Oficial del Estado.»

4. Como órganos de asistencia inmediata ao presidente e ao vicepresidente da CNMV poderán existir, coa categoría que determine o Consello deste organismo, os correspondentes gabinetes. O persoal que preste servizo nestes gabinetes e non pertenza ao equipo da CNMV terá o carácter de eventual, dada a natureza especial das funcións de confianza ou asesoramento que desempeña. O seu nomeamento e cesamento serán libres.

O cesamento terá lugar, en todo caso, cando se produza o da autoridade á cal se preste a función de confianza ou asesoramento»

Dezaseis. O artigo 28 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 28. *Funcións dos directores xerais.*

1. Os directores xerais terán as seguintes atribucións:

- a) Coordinar e supervisar as actividades que teñen atribuídas por este regulamento de réxime interior.
- b) Dirixir e organizar os departamentos e servizos integrados na dirección xeral.
- c) Propor ao presidente, para a súa elevación ao Consello ou ao Comité Executivo, os asuntos cuxo coñecemento ou resolución corresponda a estes órganos colexiados.
- d) Presentar ao presidente e ao vicepresidente os asuntos cuxa resolución lles correspondan.
- e) Iniciar e impulsar, no ámbito das súas competencias, os procedementos para a elaboración e aprobación de circulares.
- f) Formalizar e subscribir os documentos, informes e propostas que correspondan á dirección xeral.
- g) Realizar, no ámbito das súas competencias, os requirimentos ou solicitudes de informe que se deban dirixir ás entidades e persoas físicas suxeitas ao réxime de supervisión previsto no capítulo I do título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo.
- h) Analizar e seguir a evolución dos asuntos propios da súa competencia.
- i) Exercer aquelas outras funcións que lles atribúa este regulamento de réxime interior.

2. Os directores de departamento adscritos a órganos reitores terán, nos seus ámbitos de competencia, as

facultades atribuídas aos directores xerais no número 1 anterior.»

Dezasete. O artigo 29 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 29. *Funcións dos directores de departamento das direccións xerais.*

Os directores de departamento das direccións xerais terán as seguintes atribucións:

- a) Coordinar e supervisar as actividades que teñen atribuídas por este regulamento de réxime interior.
- b) Dirixir e organizar as unidades e servizos integrados no departamento correspondente.
- c) Formalizar e subscribir os documentos, informes e propostas que correspondan ao departamento.
- d) Analizar e seguir a evolución dos asuntos propios da súa competencia.
- e) Exercer aquelas outras funcións que lles atribúa este regulamento de réxime interior.»

Dezaioito. O artigo 30 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 30. *As direccións xerais.*

1. As direccións xerais da CNMV son:
 - a) Dirección Xeral de Entidades.
 - b) Dirección Xeral de Mercados.
 - c) Dirección Xeral do Servizo Xurídico.
2. Corresponde á Dirección Xeral de Entidades o exercicio das seguintes funcións:
 - a) Instruír, emitir informe e tramitar os expedientes de autorización de empresas de servizos de investimento, e os relacionados coa revogación das autorizacións outorgadas.
 - b) Instruír, emitir informe e tramitar os expedientes de autorización de institucións de investimento colectivo e entidades de capital risco, das súas sociedades xestoras, e das sociedades xestoras de fondos de titulización, así como os relacionados coa revogación das autorizacións outorgadas.
 - c) Tramitar os expedientes de inscrición e baixa relativos ás entidades mencionadas nas letras a) e b) anteriores, nos rexistros especiais da CNMV, nos termos establecidos na normativa aplicable.
 - d) Supervisar e inspeccionar as empresas de servizos de investimento, as súas sucursais e os seus axentes ou apoderados.
 - e) Supervisar e inspeccionar as institucións de investimento colectivo, as súas sociedades xestoras, axentes ou apoderados, así como as súas entidades depositarias.
 - f) Supervisar e inspeccionar as entidades de capital-risco, así como as súas sociedades xestoras.
 - g) Supervisar e inspeccionar as entidades de crédito, as súas sucursais e os seus axentes ou apoderados nas súas actuacións relacionadas cos mercados de valores.
3. Corresponde á Dirección Xeral de Mercados o exercicio das seguintes funcións:
 - a) Instruír, emitir informe e tramitar os expedientes relativos á emisión de valores, á admisión destes a negociación, e ás ofertas públicas de adquisición e venda de valores.
 - b) Tramitar os expedientes de inscrición dos actos, documentos e feitos que correspondan en relación coas materias a que se refire o parágrafo anterior.
 - c) Controlar e analizar as comunicacións sobre as participacións significativas existentes nas sociedades cotizadas, así como sobre as autocarteiras que posúan estas.
 - d) Controlar as comunicacións sobre información relevante dos emisores de valores.

e) Supervisar as sociedades reitoras, os membros dos mercados secundarios de valores, os servizos de compensación e liquidación de valores, e a Sociedade de Bolsas.

f) Instruír, nos casos que legalmente corresponda, os expedientes sobre suspensión da negociación de valores nos mercados oficiais, ou sobre a exclusión da negociación de determinados valores.

g) Controlar, verificar e analizar os informes de auditoría de contas das sociedades emisoras de valores e das sociedades con valores admitidos a negociación, así como tramitar os correspondentes expedientes de inscrición nos rexistros especiais.

h) Controlar, verificar e analizar as informacións periódicas que deben remitir á CNMV as sociedades anteriormente sinaladas, así como tramitar os correspondentes expedientes de inscrición.

i) Desenvolver aquelas outras funcións que, en relación coas auditorías de contas e a contabilidade das sociedades con valores admitidos a negociación, estean atribuídas á CNMV.

j) Supervisar e inspeccionar as actividades desenvolvidas nos mercados de valores.

k) Difundir a información de carácter público relativa ás actividades a que se refiren as letras anteriores.

4. Corresponde á Dirección Xeral do Servizo Xurídico o exercicio das seguintes funcións:

a) Asesorar xuridicamente o presidente, o vicepresidente, os conselleiros e as direccións xerais ou departamentos da CNMV no exercicio das súas funcións.

b) Examinar, informar en dereito e, de ser o caso, elaborar as circulares e resolucións da CNMV.

c) Emitir informe xurídico sobre os asuntos que se eleven á aprobación, resolución ou coñecemento do Consello ou do Comité Executivo da CNMV.

d) Emitir informe en dereito sobre os proxectos e anteprojectos de disposicións relativos á CNMV ou aqueles outros que se sometan á súa consulta.

e) Colaborar na defensa en xuízo da CNMV.

f) Instruír os expedientes sancionadores que correspondan á CNMV.

g) Propor a adopción das medidas provisionais que resulten necesarias para asegurar a eficacia das resolucións nos procedementos sancionadores.

h) Formular as propostas de resolución dos expedientes sancionadores.

i) Prestar auxilio, colaboración ou asesoramento aos xuíces e tribunais no exercicio das súas funcións.

j) Colaborar coas autoridades competentes de Estados estranxeiros nos supostos a que se refiren os artigos 91 a 91 quáter da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

k) Desenvolver as funcións inherentes ás secretarías do Consello, do Comité Executivo e do Comité Consultivo da CNMV.

5. As direccións xerais, departamentos e demais servizos da CNMV absteranse de manter relacións directas cos órganos xurisdiccionais. Todas as relacións de tal natureza se deberán realizar a través da Dirección Xeral do Servizo Xurídico, quen deberá coñecer, coa maior urxencia posible, todas as comunicacións que se reciban dos xuíces e tribunais.»

Dezanove. O artigo 31 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 31. *Departamentos das direccións xerais.*

1. A Dirección Xeral de Entidades queda estruturada nos seguintes departamentos:

a) Departamento de Autorización e Rexistros de Entidades, ao cal corresponderá o exercicio das actividades

ás cales se refiren as letras a), b) e c) do número 2 do artigo 30.

b) Departamento de Supervisión, ao cal corresponderá o exercicio das actividades a que se refiren as letras d), e), f) e g) do número 2 do artigo 30.

2. A Dirección Xeral de Mercados queda estruturada nos seguintes departamentos:

a) Departamento de Mercados Primarios, que exercerá as funcións enumeradas nas letras a) e b) do número 3 do artigo 30, e as que lle correspondan das letras j) e k) do mesmo número.

b) Departamento de Mercados Secundarios, que exercerá as funcións descritas nas letras d), e) e f) do número 3 do artigo 30, e as que lle correspondan das letras j) e k) do mesmo número.

c) Departamento de Informes Financeiros e Contables, que exercerá as funcións a que se refiren as letras c), g), h), e i) do número 3 do artigo 30 e as que lle correspondan das letras j) e k) do mesmo número.

3. A Dirección Xeral do Servizo Xurídico queda estruturada nos seguintes departamentos:

a) Departamento de Asesoría Xurídica, á cal corresponderá o exercicio das funcións encomendadas nas letras a), b), c), d) e k) do número 4 do artigo 30.

b) Departamento do Servizo Contencioso e do Réxime Sancionador, á cal corresponderá o exercicio das funcións enumeradas nas letras e), f), g), h), i) e j) do número 4 do artigo 30.»

Vinte. O artigo 32 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 32. *Departamentos adscritos a presidente e vicepresidente.*

1. Dependerán directamente do presidente os seguintes órganos directivos:

a) Departamento Adxunto a Presidencia.

b) Departamento de Estudos, Estatísticas e Publicacións.

c) Departamento de Investidores.

2. Corresponderá ao Departamento Adxunto a Presidencia:

a) Análise e seguimento dos factores de risco e da adaptación organizativa e operativa da CNMV á evolución do contorno das infraestruturas de mercado, do perfil e actividade dos seus participantes e do marco regulatorio xeral.

b) Cantas outras funcións lle asignen os órganos reitores da CNMV.

3. Corresponderá ao Departamento de Estudos, Estatísticas e Publicacións:

a) A elaboración das memorias e dos informes anuais sobre o desenvolvemento da actividade da CNMV e sobre a situación dos mercados financeiros.

b) A elaboración do boletín trimestral da CNMV.

c) A realización de estudos, traballos e informes sobre os mercados de valores.

d) O deseño, a elaboración e o mantemento da información estatística da CNMV.

e) A coordinación, promoción e distribución das publicacións da CNMV.

4. Corresponderá ao Departamento de Investidores:

a) Difundir entre os investidores a información necesaria sobre os mercados de valores, as empresas e entidades que operan neles, os instrumentos financeiros e, en xeral, sobre cantas cuestións redunden no mellor coñecemento dos mercados.

b) Planificar e realizar as actividades tendentes a mellorar a formación financeira dos investidores.

c) Manter un servizo de atención aos investidores e atender as reclamacións e queixas que os investidores dirixan á CNMV.

5. Baixo a superior dirección do presidente da CNMV e a inmediata dependencia do vicepresidente, exercerán as súas funcións os seguintes órganos directivos:

- a) Departamento de Relacións Internacionais.
- b) Departamento de Sistemas de Información.
- c) Secretaría Xeral.

6. Corresponderá ao Departamento de Relacións Internacionais:

a) A coordinación da participación da CNMV en organismos e programas internacionais relacionados cos mercados de valores.

b) O asesoramento ao presidente e aos demais órganos superiores e directivos da Comisión en materia de relacións internacionais.

c) A preparación de informes, estudos e propostas que permitan definir a postura da CNMV nos organismos, comisións e comités de ámbito internacional nos cales participe.

d) O seguimento dos regulamentos e directivas comunitarias, así como dos memorandos de entendemento (MOUS).

e) O coñecemento dos asuntos relacionados cos organismos, comités e outros foros internacionais que mantivesen relacións coa CNMV.

7. Corresponderá ao Departamento de Sistemas de Información:

a) Planificar e xestionar os servizos informáticos da CNMV.

b) Diseñar, programar, implantar e manter as aplicacións informáticas da Comisión.

c) Dirixir a política de seguranza informática da CNMV.

d) Prestar asistencia técnica aos diferentes servizos da Comisión en materia informática.

e) Elaborar os criterios xerais para a avaliación e selección dos equipos informáticos.

f) Dirixir e coordinar a Axencia Nacional de Codificación de Valores.

8. Corresponderá á Secretaría Xeral:

a) Atender o goberno, administración e réxime interior da Comisión.

b) Administrar os recursos humanos da CNMV.

c) Coordinar a xestión económica do organismo, levar a súa contabilidade, elaborar os anteprojectos de orzamentos, tramitar as súas modificacións, e coordinar os servizos de pagadoría, caixa e recadación de taxas.

d) Dirixir e organizar os servizos xerais de rexistro, arquivo, seguranza, vixilancia, comunicacións, conservación e mantemento da CNMV.

e) Dirixir e coordinar os diferentes rexistros especiais.

f) Instruír e tramitar os expedientes de contratación administrativa.»

Vinte e un. O artigo 33 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 33. *Rexistro xeral da CNMV.*

1. Dentro da CNMV levarase un rexistro xeral no cal se realizará o correspondente asento de todos os escritos ou comunicacións presentados nel. Este mesmo rexistro anotará as saídas dos escritos e comunicacións oficiais dirixidos a outros organismos, entidades, empresas ou particulares.

2. A CNMV disporá dun rexistro electrónico para a recepción, remisión e anotación da entrada e saída daqueles documentos electrónicos que lle sexan remitidos, nos procedementos e coas especificacións que se determinen na súa norma de creación.»

Vinte e dous. O artigo 34 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 34. *Rexistros especiais da CNMV.*

1. Levaranse na CNMV os rexistros especiais que teña encomendados polas leis ou as súas normas de desenvolvemento. Nestes rexistros especiais, que se recollen no anexo único desta disposición, inscribíranse os actos, feitos, documentos e comunicacións que, en cada caso, determinen as normas aplicables. O Consello da CNMV poderá modificar o devandito anexo co fin de adaptalo á normativa vixente en cada momento.

2. A inscrición nos rexistros especiais da CNMV terá carácter obrigatorio, salvo naqueles casos en que expresamente se dispoña o contrario.

3. A presentación de documentos, escritos e comunicacións para a súa inscrición en calquera dos rexistros especiais efectuarase, en todo caso, a través do rexistro xeral ou do rexistro electrónico da CNMV, sen prexuízo da remisión ulterior do expediente, para a súa tramitación pola dirección xeral que corresponda por razón da materia.

4. Todos os rexistros especiais da CNMV teñen carácter público.»

Vinte e tres. Os números 1 e 2 do artigo 35 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A CNMV poderá ditar, para o adecuado exercicio das competencias que lle atribúe a Lei 24/1988, do 28 de xullo, ou outras disposicións con rango de lei, e de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, as disposicións que exixan o desenvolvemento e execución das normas contidas nos reais decretos aprobados polo Goberno ou nas ordes do Ministerio de Economía e Facenda, sempre que tales disposicións a habiliten de forma expresa para iso.

2. Os directores xerais, no ámbito das súas respectivas competencias, ou os directores de departamentos adscritos a órganos reitores, sempre que fosen expresamente habilitados polo presidente, ordenarán e dirixirán os proxectos de circulares.»

Vinte e catro. O número 1 do artigo 36 queda redactado do seguinte modo:

«1. A incoación, instrución e sanción nos procedementos sancionadores que correspondan á CNMV axustaranse ás seguintes disposicións:

a) Ás normas e regras establecidas no capítulo II do título VIII da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

b) Ás disposicións do Real decreto 2119/1993, do 3 de decembro, sobre procedemento sancionador aplicable aos suxeitos que actúen nos mercados financeiros.

c) Ás normas contidas no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

d) Ás normas específicas que someten a súa materia o réxime de supervisión, inspección e sanción da CNMV.»

Vinte e cinco. O artigo 39 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 39. *Procedementos internos de funcionamento.*

A CNMV contará, polo menos, cos seguintes procedementos internos de funcionamento:

1.º Procedementos internos no ámbito dos mercados de valores:

a) Procedementos sobre a supervisión e inspección das sociedades, empresas, institucións, persoas e entidades que interveñen nos mercados secundarios de valores.

b) Procedemento para a formulación de requirimentos e solicitude de datos e informes ás sociedades, institucións e entidades que actúan no mercado de valores.

c) Procedemento sobre a comunicación de feitos relevantes.

d) Procedemento para a tramitación dos expedientes de verificación de requisitos de admisión a negociación, ofertas públicas de venda de valores e rexistro de folletos de emisión de valores.

e) Procedementos para a suspensión e exclusión da negociación de determinados valores nos mercados oficiais.

f) Procedementos para a tramitación das ofertas públicas de adquisición de valores.

g) Procedementos sobre as informacións periódicas das entidades emisoras.

h) Procedementos sobre a comunicación de participacións significativas en sociedades cotizadas e sobre a adquisición de accións propias.

i) Procedementos para a autorización das empresas de servizos de investimento e institucións de investimento colectivo.

j) Procedementos sobre a modificación dos estatutos, dos regulamentos e dos servizos prestados polas sociedades, institucións e entidades que interveñen nos mercados secundarios de valores.

2.º Procedementos internos no ámbito da administración e dos servizos:

a) Procedemento para a administración, liquidación, notificación e recadación das taxas aplicables polas actividades e servizos prestados pola CNMV.

b) Procedementos de xestión económica.

c) Procedementos de selección e contratación de persoal.»

Vinte e seis. Os números 1, 5 e 6 do artigo 40 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A elaboración dos proxectos sobre procedementos internos de funcionamento da CNMV corresponderá á Comisión Xeral ou departamento competente por razón da materia e á Secretaría Xeral.

5. O Departamento de Control Interno emitirá informe sobre os proxectos de procedementos internos de funcionamento.

6. A aprobación dos procedementos internos de funcionamento corresponderá ao Comité Executivo da CNMV, por proposta do seu presidente, logo de informe da Dirección Xeral do Servizo Xurídico.»

Vinte e sete. Créase unha nova sección que contén o artigo 41, ao cal se lle dá nova redacción:

«SECCIÓN 3.ª

Da verificación do control interno da CNMV

Artigo 41. *Departamento de Control Interno.*

1. Baixo a dependencia directa do Consello, existirá o Departamento de Control Interno, encargado de verificar que a actuación da CNMV manteña un adecuado nivel de cumprimento, eficacia e eficiencia na consecución dos seus obxectivos e que exercerá as súas funcións de acordo cos principios de imparcialidade, obxectividade e independencia da xestión controlada.

2. O Consello da CNMV aprobará as normas ás cales deberá axustar o seu funcionamento o Departamento de Control Interno, e autorizará con carácter anual o plan de auditorías e actuacións de control interno.

3. Corresponderá ao Departamento de Control Interno o exercicio das seguintes funcións:

a) Informar sobre o resultado dos traballos que se realicen en desenvolvemento do plan de auditorías e actuacións de control interno.

b) Fomentar a implantación dun modelo de control interno baseado na análise de risco como medio para optimizar as actuacións.

c) Desenvolvemento das funcións de auditoría interna definidas de acordo coas prácticas internacionais de xeral aceptación.

d) Realizar a análise da eficacia dos servizos da CNMV que o Comité Executivo lle asigne.

e) Asesoramento nas materias propias da súa competencia, sempre que permita manter os principios de independencia e obxectividade na súa actuación.

f) Aquelas actuacións de control interno que lle asigne o Comité Executivo con carácter permanente ou esporádico.

4. O Departamento de Control Interno será o órgano encargado de realizar o control dos procedementos a través dos cales a CNMV exerce as súas funcións nos mercados de valores, en especial as de supervisión, inspección e sanción que lle asigna a normativa vixente, así como o informe específico do órgano interno sobre a adecuación das decisións adoptadas polos órganos de goberno da CNMV á normativa procedemental aplicable en cada caso de conformidade co previsto na disposición adicional segunda da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

5. O director do Departamento de Control Interno será designado polo Consello da CNMV por proposta do seu presidente.»

Vinte e oito. Suprímese o número 3 do artigo 42 e o seu número 2 queda redactado do seguinte modo:

«2. Con carácter xeral, o persoal da CNMV terá a condición de persoal laboral fixo. Nos casos en que, pola propia natureza do traballo ou porque non poidan ser atendidos por persoal fixo, e logo de acordo de Comité Executivo da CNMV, poderase proceder á contratación de persoal laboral non permanente.»

Vinte e nove. O artigo 43 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 43. *Organigrama e cadro de persoal.*

O Consello da CNMV, por proposta do seu presidente, aprobará a estrutura da organización, así como o cadro de persoal.»

Trinta. O artigo 44 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 44. Normas xerais.

1. A selección do persoal da CNMV, con excepción do de carácter directivo, realizarase mediante convocatoria pública e de acordo con sistemas baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade.

2. Consideranse persoal directivo, para os efectos do previsto neste artigo, os directores xerais e os directores de departamento.

3. No desenvolvemento dos procedementos de selección atenderase ao disposto no artigo 61 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

4. A CNMV poderá convocar, cando o considere oportuno e de acordo co cadro de persoal a que se refire

o artigo 43, os procesos selectivos que procedan para cubrir os postos vacantes.

5. Os postos de traballo de carácter non permanente poderanse cubrir con aspirantes que formen parte da bolsa de emprego que, de ser o caso, se estableza en cada proceso de selección.»

Trinta e un. O artigo 45 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 45. *Convocatorias e procesos selectivos.*

1. As convocatorias e os procesos selectivos regularanse polo establecido no procedemento interno de selección e contratación de persoal da CNMV, que se adecuará ás necesidades da organización e á Lei 7/2007, do 12 de abril. A selección de persoal realizarase mediante algún dos sistemas de selección vixentes na normativa aplicable e nos termos que dispoña a súa convocatoria.

2. As probas dos procesos selectivos que se leven a cabo realizaranse conforme o disposto no segundo parágrafo do artigo 61.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril. En todo caso, especificaranse na convocatoria aquelas probas que teñen carácter selectivo.

3. Para asegurar a obxectividade e a racionalidade dos procesos selectivos, as probas poderanse completar na forma que sinala o artigo 61.5 da Lei 7/2007, do 12 de abril. As probas selectivas para persoal técnico deberán incluír, en todo caso, unha entrevista aos candidatos que superasen as probas procedentes, para a comprobación da súa adecuación ao posto de traballo.

4. Para a valoración de méritos, a convocatoria poderá establecer entrevistas e probas para a comprobación e cuantificación dos méritos aducidos.»

Trinta e dous. O artigo 46 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 46. *Órganos de selección.*

Os órganos de selección constituiranse para cada convocatoria e estarán formados por un presidente e catro vogais. Actuará como secretario un dos vogais do órgano de selección. A totalidade dos membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior ao exixido para o ingreso na praza de que se trate. A CNMV poderá acordar cos representantes dos empregados a forma de colaboración no desenvolvemento dos procesos selectivos.»

Trinta e tres. O artigo 47 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 47. *Desenvolvemento das convocatorias de novo ingreso.*

1. Mediante os procedementos que garantan unha difusión xeral, anunciaranse, polo menos, o número de prazas convocadas e o lugar en que figuren expostas as bases da convocatoria.

2. No prazo máximo dun mes a partir da data de terminación do prazo previsto en cada convocatoria para a presentación de instancias, publicarase a data, lugar e hora de realización do primeiro exercicio das probas, e neste anuncio indícarase o lugar onde se atopen expostas as listas de admitidos.

3. Unha vez concluídas as probas, o órgano de selección elaborará a relación de seleccionados, cuxo número non excederá o de prazas convocadas. Esta relación farase pública nas sedes da CNMV.

4. Os aspirantes propostos achegarán ante a CNMV, dentro do prazo de vinte días naturais desde que se publiquen as relacións de seleccionados a que se refire o número anterior, os documentos acreditativos

das condicións de capacidade e requisitos exixidos na convocatoria.

Os que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos exixidos, non poderán ser contratados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións.

5. A sede electrónica da CNMV disporá dunha sección que conterá a información relativa aos procesos de selección en curso.»

Trinta e catro. Suprímese o artigo 48. Proposta de aprobados.

Trinta e cinco. Renumérase o artigo 49. Adquisición da condición de persoal laboral fixo, que pasa a ser 48. Adquisición da condición de persoal laboral fixo, e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 48. *Adquisición da condición de persoal laboral fixo.*

1. O presidente da CNMV procederá á formalización dos contratos unha vez cumprido o disposto no número catro do artigo 47. Mentres non se formalice o correspondente contrato e o aspirante non se incorpore ao seu posto de traballo, non terá dereito a percepción económica ningunha.

2. Transcorrido o período de proba determinado en cada convocatoria, os que o superen satisfactoriamente adquirirán a condición de persoal fixo.»

Trinta e seis. Renumérase o artigo 50. Réxime xeral de incompatibilidades, que pasa a ser 49. Réxime xeral de incompatibilidades. A letra a) do número 3 deste artigo queda redactada do seguinte modo:

«a) As derivadas da administración do patrimonio persoal ou familiar, sen prexuízo do previsto no artigo 12 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e no artigo 53.4 deste regulamento.»

Trinta e sete. Renumérase o artigo 51. Réxime especial de incompatibilidades do persoal, que pasa a ser 50. Réxime especial de incompatibilidades do persoal, e mantén a súa redacción actual.

Trinta e oito. Renumérase o artigo 52. Deber de segredo, que pasa a ser 51. Deber de segredo. O artigo 51 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 51. *Deber de segredo.*

1. O persoal ao servizo da CNMV deberá gardar segredo, mesmo despois de cesar nas súas funcións, de cantas informacións de natureza reservada coñeceu no desempeño da súa actividade.

2. Para os efectos do establecido no número anterior, terá o carácter de reservado todo informe, documento, dato ou outra información de que dispoña a CNMV no exercicio das funcións a que se refire o artigo 4, mentres non se acorde a súa incorporación aos rexistros públicos, de ser o caso.

3. O persoal a que se refire o número 1 non poderá prestar declaración, nin testemuño, nin publicar, comunicar, exhibir datos ou documentos reservados, nin sequera despois de ter cesado no servizo, salvo expreso permiso outorgado polo Consello da CNMV.

4. Quedan exceptuadas da obriga de segredo regulado neste artigo as informacións e actuacións enumeradas no artigo 90, número 4, da Lei 24/1988, do 28 de xullo.»

Trinta e nove. Renumérase o artigo 53. Obriga de comunicación de determinadas operacións, que pasa a ser 52. Obriga de comunicación de determinadas operacións, e mantén a súa redacción actual.

Corenta. Renumérase o artigo 54. Limitacións para a realización de certas operacións, que pasa a ser 53. Limitacións para a realización de certas operacións. Os números 1 e 3 deste artigo quedan redactados do seguinte modo:

«1. O persoal da CNMV non poderá allear, nun prazo inferior a once meses desde a correspondente subscripción ou adquisición, os valores enumerados nas letras a) e d) do artigo 52.

3. O persoal da CNMV non poderá adquirir os produtos derivados a que se refire a letra c) do artigo 52, salvo que a operación teña por finalidade a cobertura dunha carteira de valores.

Corenta e un. Créase unha nova sección que agrupa os artigos 54 e 55, coa denominación: Sección 4.^a: Responsabilidade e defensa xurídica.

Corenta e dous. Renumérase e modifícase a denominación do artigo 55. Responsabilidade e apoio xurídico-institucional outorgado pola CNMV, que pasa a ser 54. Responsabilidade e protección dos empregados da CNMV no exercicio das súas funcións. O artigo 54 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 54. *Responsabilidade e protección dos empregados da CNMV no exercicio das súas funcións.*

1. O persoal ao servizo da CNMV que considerase que unha orde ou instrución impartida non se acomoda ás disposicións legais ou regulamentarias vixentes deberá, antes de levala a efecto, poñer de manifesto tal circunstancia ao superior de quen a recibise. Se o superior a ratifícase por escrito, o persoal subordinado deberá cumprila e quedará exento de responsabilidade disciplinaria.

2. As autoridades e o persoal ao servizo da CNMV están sometidos, no exercicio das súas funcións, ao réxime de responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas a que se refiren os artigos 145 e 146 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Corenta e tres. Engádese un novo artigo 55 coa seguinte redacción:

«Artigo 55. *Da defensa xurídica.*

1. A CNMV garantirá a defensa e o asesoramento xurídico gratuítos das súas autoridades e persoal polas responsabilidades que puidesen derivar dos actos realizados no exercicio das súas funcións, e habilitará os fondos precisos para a constitución das fianzas e garantías que procesualmente se puidesen exixir, mesmo cando a relación laboral ou vínculo do interesado coa CNMV cesase no momento da iniciación da reclamación ou procedemento. Exceptúanse do anteriormente disposto aqueles casos en que a CNMV actuar como parte reclamante ou acusadora por acordo expreso do seu Consello.

2. O establecido neste artigo será de aplicación aos habentes causa dos afectados por reclamacións de terceiros nos casos en que aquelas lles fosen trasladadas.»

Corenta e catro. O artigo 56 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 56. *Patrimonio e recursos económicos.*

1. A CNMV terá patrimonio propio, independente do patrimonio do Estado.

2. Os recursos da CNMV están integrados polos seguintes bens, valores e ingresos:

- a) Os bens e valores que constitúan o patrimonio e os produtos e rendas deste.
- b) As taxas que perciba pola realización das súas actividades ou a prestación dos seus servizos.

c) As transferencias que, con cargo aos orzamentos xerais do Estado, efectúe o Ministerio de Economía e Facenda.»

Corenta e cinco. O artigo 58 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 58. *Orzamentos.*

1. A CNMV elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento, coa estrutura que sinala o Ministerio de Economía e Facenda, e remitirao a este para a súa elevación ao acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, integrado nos orzamentos xerais do Estado.

2. A aprobación do anteproxecto de orzamento corresponderá ao Consello da CNMV.

3. As variacións no orzamento da CNMV serán autorizadas polo Ministerio de Economía e Facenda cando o seu importe non exceda o 5% deste e polo Consello de Ministros nos demais casos.»

Corenta e seis. Engádese unha disposición adicional única coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. Réxime do persoal directivo tras o seu cesamento.

O persoal directivo definido no artigo 44.2 deste regulamento percibirá, nos casos de cesamento no exercicio do seu cargo, a retribución consolidable máxima aprobada, con independencia do complemento que, de ser o caso, corresponda ao posto que vai desempeñar, sempre que se trate de persoas que pertencen ao equipo da CNMV e que tivesen o devandito carácter directivo durante un período continuado de, polo menos, oito anos.

Corenta e sete. Suprímense as disposicións transitorias primeira, segunda e terceira.

Corenta e oito. Os números 1 e 3 da disposición derradeira primeira quedan redactados do seguinte modo:

«1. A CNMV contará cunha delegación en Barcelona.

«3. A Delegación da Comisión Nacional do Mercado de Valores en Barcelona contará cun rexistro de entrada de documentos, o cal ten a consideración de rexistro auxiliar do rexistro xeral da CNMV a que se refire o artigo 33.1.»

Corenta e nove. Engádese o seguinte anexo único.

ANEXO ÚNICO

Rexistros especiais da Comisión Nacional do Mercado de Valores

1. Rexistros relacionados coas sociedades emisoras de valores.

a) Rexistro de entidades de mantemento dos rexistros contables das emisións de valores.

b) Rexistro de escrituras públicas de emisións de valores.

c) Rexistro de documentos acreditativos relacionados coas emisións de valores.

d) Rexistro de información pública periódica de sociedades emisoras de valores.

e) Rexistro de informes de auditorías de contas de sociedades emisoras de valores.

f) Rexistro de folletos informativos de sociedades emisoras de valores.

g) Rexistro de titulares de participacións significativas en sociedades emisoras de valores.

h) Rexistro de feitos relevantes en sociedades emisoras de valores.

i) Rexistro de ofertas públicas de adquisición de valores.

2. Rexistros relacionados coas empresas de servizos de investimento:

a) Rexistro de sociedades de valores, axencias de valores e sociedades xestoras de carteiras.

b) Rexistro de axentes de sociedades de valores, axencias de valores e sociedades xestoras de carteiras.

c) Rexistro de auditorías de contas de empresas de servizos de investimento.

d) Rexistro de empresas de servizos de investimento estranxeiras que prestan servizos en España.

e) Rexistro de participacións significativas en empresas de servizos de investimento.

3. Rexistros relacionados coas institucións de investimento colectivo (IIC):

a) Rexistro de sociedades de investimento de carácter financeiro ou SICAV.

b) Rexistro de fondos de investimento de carácter financeiro ou FI.

c) Rexistro de sociedades de investimento inmobiliario ou SII.

d) Rexistro de fondos de investimento inmobiliario ou FII.

e) Rexistro de IIC de investimento libre ou IICIL.

f) Rexistro de IIC de IIC de investimento libre ou IICIL-CIL.

g) Rexistro de sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo ou SXIIC.

h) Rexistro de depositarios de IIC.

i) Rexistro doutras IIC.

j) Rexistro de participacións significativas.

k) Rexistro de folletos, informes periódicos e auditorías.

II) Rexistro de IIC estranxeiras comercializadas en España.

I) Rexistro de sociedades xestoras estranxeiras que operan en España.

m) Rexistro de sociedades de taxación que comuniquen á CNMV a súa intención de valorar inmobles de IIC inmobiliarias.

n) Rexistro de feitos relevantes.

o) Rexistro de axentes e apoderados de SXIIC.

4. Rexistros relacionados coas entidades de capital-risco:

a) Rexistro de sociedades xestoras de entidades de capital-risco.

b) Rexistro de sociedades de capital-risco.

c) Rexistro de fondos de capital-risco.

d) Rexistro de participacións significativas.

e) Rexistro de folletos e memorias anuais.

f) Rexistro de entidades de capital-risco de réxime simplificado.

5. Outros rexistros:

a) Rexistro de folletos informativos de fondos de titulización.

b) Rexistro de auditorías de contas de fondos de titulización.

c) Rexistro de tarifas das entidades que actúan no mercado de valores.

d) Rexistro de contratos-tipo das entidades que actúan no mercado de valores.

e) Rexistro de sancións impostas, durante os cinco últimos anos, pola comisión de infraccións graves e moi graves.

f) Rexistro de informes de auditorías de contas das sociedades reitoras dos mercados, da Sociedade de

Bolsas e do Servizo de Compensación e Liquidación de Valores.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de novembro de 2008.–O presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, Julio Segura Sánchez.

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

18945 *ORDE EHA/3364/2008, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financiera en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro. («BOE» 283, do 24-11-2008, e «BOE» 286, do 27-11-2008.)*

Entre as medidas dirixidas a impulsar o financiamento a empresas e cidadáns por parte das entidades de crédito, o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financiera en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro, autorizou o outorgamento de avais do Estado a determinadas operacións de financiamento novas que realicen as entidades de crédito residentes en España. De conformidade co seu punto 6, no ano 2008 poderanse conceder avais ata un importe máximo de 100.000 millóns de euros.

Consecuentemente, esta norma ten por obxecto o desenvolvemento do previsto no mencionado real decreto lei, para concretar determinados aspectos fundamentais do réxime de outorgamento de avais ás entidades de crédito. En particular, resulta necesario precisar as características dos avais que se van outorgar, os requisitos que deberán cumprir as entidades beneficiarias e as operacións que se van avalar e os distintos trámites que se seguirán para o outorgamento de avais.

A norma consta de sete artigos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e tres derradeiras e un anexo. Os artigos 1 ao 4 aclaran as características esenciais dos avais que se van outorgar, das entidades beneficiarias e das operacións que se van avalar, mentres que os artigos 5 a 7 definen os trámites que se deberán seguir para o outorgamento dos avais.

En canto ás características dos avais, cómpre destacar a renuncia ao beneficio de excusión, a súa irrevogabilidade e o carácter incondicional do aval unha vez realizadas e admitidas a negociación as correspondentes emisións de valores. Por outro lado, o aval do Estado poderá ser solicitado por entidades de crédito, por grupos consolidables ou agrupacións de entidades de crédito, sempre que teñan unha actividade significativa, o que se concreta na exigencia de que a entidade teña unha participación importante na concesión de crédito a empresas e consumidores en España.

Así mesmo, concréntanse os requisitos aos cales se deberán suxeitar as operacións de financiamento que se poden avalar. Entre eles, permítese que o tipo de xuro sexa fixo ou variable e exíxese que o importe da emisión non sexa inferior a 10 millóns de euros.

Por outro lado, exíxese o pagamento dunha comisión que se xerará a favor do Estado. As características destas comisións concréntanse no anexo desta orde.